



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).
Ref. M/C

E-mail: mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SESENTA E NOVE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do vinte e oito de febreiro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. María Alicia Martínez González, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal, D. Alberto Villaverde Méndez, D^a. M^a del Mar Villaverde Rosales e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia a interventora municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez e asiste como secretaria a do Concello, Paula Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

Antes de comezar a sesión ordinaria do Pleno polos membros da Corporación gárdase un emotivo minuto de silencio en recordo polo falecemento o pasado 24 de febreiro de 2012 de Leopoldo Nóvoa García, Fillo Adoptivo do Concello de Poio.

3633.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 31 DE XANEIRO DE 2012 NÚMERO 468.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación da acta realizada en sesión ordinaria o día 31 de xaneiro de 2012 número 468 e non formulándose ningunha observación á acta de referencia esta queda aprobada por unanimidade de asistentes.

3634- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3627.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 1/2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3628.- MOCIÓN EN RELACIÓN AO PECHE DAS FARMACIAS DE GARDA, EN HORARIO NOCTURNO, NO TERMO MUNICIPAL DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade e aos Grupos Parlamentarios da Xunta de Galicia; 3629- URBANISMO, EXP. 503/11, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE BARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Concello de Barro; 3630.- URBANISMO, PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3631.- PATRIMONIO, CESIÓN GRATUITA

CENTRO DE SAUDE DE ANAFÁNS AO SERVIZO GALEGO DE SAUDE (SERGAS).- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello; 3632.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN AO ABOAMENTO DAS AXUDAS COMPROMETIDAS ÁS MARISCADORAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia, Consellería do Mar e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.”
A corporación dáse por enterada.

3635.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que forman parte da orde do día e non formulándose observación ningunha a corporación dáse por enterada do contido das mesmas.

3636.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2/2012.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de febreiro de 2012 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente, da Providencia da Alcaldía de data 13 de febreiro de 2012 na que se propón o recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 2 do exercicio que consta de facturas que ascenden a un total de 6.130,95 euros e do informe da Intervención Municipal de data 14 de febreiro de 2012.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando que con cargo aos créditos do Estado de Gastos de cada Orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do exercicio orzamentario; por outra parte, a Lei de Facendas Locais permite a aprobación das obrigas derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores previa aprobación do expediente polo Pleno da Corporación por maioría simple. No presente caso o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos comprende facturas correspondentes o exercicio 2011 as cales non foron presentadas no Concello ata o mes de xaneiro de 2012, aínda que pertencen a servizos prestados no exercicio 2011 ascendendo o importe total de 6.130,95€; estas facturas son obxecto de reparo suspensivo por realizarse os gastos no exercicio 2011 sen existir crédito para a súa aprobación e contan con crédito no orzamento prorrogado do exercicio 2011 vixente no día da data.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que lles parece sorprendente que as facturas foran presentadas tarde dados os tempos que corren.

A Comisión por 4 votos a favor do B.N.G. ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o reparo emitido pola Intervención Municipal no seu informe de data 14 de febreiro 2º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas obxecto do presente expediente, por importe total de 6.130,95 euros e 3º) Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2011, vixente no exercicio 2012, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do Partido Popular e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola Intervención Municipal no seu informe de data 14 de febreiro.

Segundo: Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas obxecto do presente expediente, por importe total de 6.130,95 euros.

Terceiro: Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2011, vixente no exercicio 2012, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente

retención de crédito

3637.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 3/2012, CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON BAIXAS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de febreiro de 2012 e que di textualmente: “Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 10 de febreiro de 2012, da Memoria da Alcaldía de data 7 de febreiro de 2012 e do informe e certificación da interventora municipal de data 9 de febreiro de 2012.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que ven motivado, por unha parte, na existencia dun contrato formalizado no anterior exercicio 2011 coa empresa Coruñesa de Ahorro Energético S.L.U. Para o proxecto “Modernización equipamentos comerciais Plan Re-Comercia Avda. Andurique” por importe de 100.000 euros dos que corresponde a anualidades do exercicio 2012 a contía de 90.000 euros nos cales, a aportación municipal ascende a 27.500 euros xa que op resto, 62.500 euros proceden dunha subvención outorgada polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para o mencionado proxecto.

Tamén ven motivada a realización desta desta modificación orzamentaria pola existencia de facturas correspondentes ao exercicio 2011 pendentes de recoñecemento por falta de crédito as cales carecen igualmente de crédito no orzamento prorrogado do exercicio 2011 para a súa aprobación.

Por todo o anterior exposto a interventora municipal emite o correspondente informe de reparo que figura no anexo ao informe de data 9 de febreiro de 2012.

Motivado na Memoria da Alcaldía a existencia de remanente de Tesourería para gastos xerais derivada da liquidación do exercicio 2011 por importe suficiente para aprobar as mencionadas facturas co que se propón :”
Primeiro: levantar o reparo emitido pola interventora municipal con relación á modificación orzamentaria nº 3/2012 con relación ás facturas que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario. **Segundo:** proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº3/2012, mediante crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 220.146,16€. **Terceiro:** que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.

O Sr. Moldes Martínez di que o Grupo Municipal do P.P. quere solicitar unha maior planificación ao estar as arcas municipais mal.

A Comisión por 4 votos do B.N.G., ningún voto en contra e 3 abstención do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a Proposta da Alcaldía.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do Partido Popular aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola interventora municipal con relación á modificación orzamentaria nº 3/2012 con relación ás facturas que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario.

Segundo: Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº3/2012, mediante crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 220.146,16€.

Terceiro: Que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, se durante o devandito prazo non se presenta reclamación ou alegación ningunha entenderase definitivamente aprobada.

3638.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 4/2012, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de febreiro de 2012 e que di textualmente: “Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 15 de febreiro de 2012, Memoria da Alcaldía de data 13 de febreiro de 2012 e do informe e certificación da interventora municipal de data 14 de febreiro de 2012.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que existen facturas correspondentes ao exercicio 2011 pendentes de recoñecemento por falta de crédito as cales carecen igualmente de crédito no orzamento prorrogado do exercicio 2011 para a súa aprobación.

Existindo crédito en diversas aplicacións e entendendo como prioritarios a realizar investimentos por tratarse de compromisos adquiridos mediante a formalización de contratos ou convenios se propón realizar un crédito extraordinario en ditas aplicacións procedendo a minorar mediante baixas o crédito noutras aplicacións.

Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Memoria da Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado co fin de levar a cabo o cumprimento de compromisos adoptados mediante a sinatura de contratos e convenios se propón:” **Primeiro:** levantar o reparo emitido pola interventora municipal con relación á modificación orzamentaria núm 4/2012 en relación ás facturas que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito. **Segundo:** proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº4/2012, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 72.327,73€. **Terceiro:** que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, 3 abstención do P.P. e ningún voto en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a Proposta da Alcaldía.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do Partido Popular aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola interventora municipal con relación á modificación orzamentaria núm. 4/2012 en relación ás facturas que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito.

Segundo: Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº4/2012, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 72.327,73€.

Terceiro: Que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, se durante o devandito prazo non se presenta reclamación ou alegación ningunha entenderase definitivamente aprobada.

3639.- PERSOAL, ACORDO ASINADO MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PRORROGADO ANO 2011.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de febreiro de 2012 e que di textualmente: “Dáse conta do acordo de modificación nas Bases de Execución do Orzamento Municipal no seu título IX e que afecta aos capítulos I e II (Base 49ª e 53ª e 53.2 respectivamente) adoptado polo Concelleiro Delegado de Persoal, o Comité de Empresa para o persoal laboral do Concello de Poio e o Sindicato C.S.I.F. para funcionarios de data 1 de febreiro de 2012 e do informe da Intervención Municipal de

data 15 de febreiro de 2012.

O Sr. Martínez Blanco explica o contido do expediente indicando que se trata da compensación das horas extraordinarias mediante o outorgamento de permisos equivalentes, se as necesidades do servizo así o permiten na seguinte proporción: 1 hora extra normal equivale a 1 ½ hora de permiso; 1 hora extra nocturna ou en domingo ou festivo equivale a 2 horas de permiso; 1 hora extra nocturna de luns a sábado e tamén as horas extras nocturnas e diúrnas en domingo ou en festivos e sábados pola tarde; todo isto non supón gasto ningún a maiores.

Tamén se recolle que se poderán conceder anticipos reintegrables aos funcionarios interinos cunha antigüidade superior a 2 anos e ao persoal laboral.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes.

Por parte da secretaria maniféstase a súa adhesión ás consideracións realizadas no informe de intervención.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de votos dos membros presentes aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución do presuposto prorrogado do exercicio 2011, tal tal e como se indica no acordo dos representantes sindicais e o Concelleiro Delegado de Persoal de data 01 de febreiro de 2012.

Segundo: Someter o expediente a información pública polo prazo de quince días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os/as interesados/as poderán examinar a modificación e presentar reclamación ante o Pleno, de non formularse alegación ou reclamación ningunha dentro do prazo de 15 días este entenderase definitivamente aprobado.

Terceiro: Dar conta do presente acordo á intervención municipal para a realización dos trámites procedentes.

3640.- MOCIÓN, MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA A PRIVATIZACIÓN E SUBIDA DE TARIFAS DAS ESCOLAS INFANTÍS PERTENCENTES Á XUNTA DE GALICIA.- Antes de comezar a deliberación e exposición do asunto pola voceira do Partido Municipal Socialistaponse de manifesto á adhesión do seu grupo político ao texto da moción presentada.

A continuación a secretaria dá conta do expediente tramitado e iniciado coa moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de data de presentación o 7 de febreiro de 2012, número de entrada 680 en relación á subida das tarifas e privatización da rede de escolas infantís pertencentes ao Consorcio Galego de Benestar e a Xunta de Galicia.

O expediente foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deportes de data 8 de febreiro de 2012 e informado favorablemente por 4 votos a favor do BNG e 3 votos en contra do PP, procedéndose á lectura dos pronunciamentos ditaminados con tal carácter.

Comeza a quenda de deliberacións a Sra. González Martínez, Concelleira Delegada de Educación explicando os motivos da presentación da moción na que mostran a súa desconformidade coa subida das tarifas das escolas infantís, que superan o IPC do ano 2011 e en algúns casos incrementanse nun 50%, o que se está a buscar desde o goberno do Sr. Feijoo é privatizar servizos, coa finalidade de lucrar ás empresas privadas e quen sofre esta subida son as familias que teñen que deixar aos nenos e nenas nestes centros para

eles poder compatibilizar as súas xornadas laborais aínda que non traballen porque necesitan dunha dispoñibilidade e desde o equipo de goberno somos conscientes da necesidade de máis prazas, e o desenvolvemento do polígono industrial de Fragamoreira permitiría a creación de máis prazas xa que está proxectada unha escola infantil.

A Sra. Besada Lores expón que desde o Grupo Municipal Socialista están totalmente en contra da política privatizadora que está a desenvolver o goberno da Xunta de Galicia e por suposto están en contra da subida das tarifas das escolas infantís canto máis neste momento tan delicado de crise que afecta a moitísimas familias.

O Sr. Martínez Moldes manifesta que a subida aprobada en ningún caso supón un 50% como din, se non un incremento do 30% e 40%, e non en todos os casos, xa que de 90 prazas afectaralle a 4 familias. Os/as pais e nais dos/as nenos/as solicitan o comedor e as tarifas non cubren o 30% do custe real do servizo, polo que se está a negociar un acordo entre os alcalde e a FEGAMP. Non se trata dunha privatización como dicides e desde que o Partido Popular está no goberno da Xunta creáronse 2100 prazas na rede de escolas infantís.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que hai importes que si superan o 50%, que o aumento é evidente. Tamén deixar constancia que no convenio que se asinou Poio ten que aportar un 30% para o financiamento, e paga, pero a Xunta non aporta a porcentaxe que debe.

NESTE MOMENTO AUSÉNTASE DA SESIÓN O CONCELLEIRO DO PARTIDO POPULAR D. ALBERTO VILLAVERDE MÉNDEZ.

Para rematar, intervén o Sr. Alcalde e di que estas accións que está a levar a cabo a Xunta responde a un desmantelamento do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, que desde que entrou no goberno é prioridade, e por iso as escolas de nova apertura, serán xestionadas por empresa privadas e que todos sabemos quenes son.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións procédese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa e por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra e ningunha abstención esta queda aprobada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a:

Primeiro: Paralizar os procesos de privatización da escola infantil.

Segundo: Que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo.

3641.- MOCIÓNS, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DE ELABORACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DE TRAMITACIÓN DE LICENZAS DE ACTIVIDADES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado iniciado mediante moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular no Rexistro Xeral o 07 de febreiro de 2012, núm. 666 en relación á regulación dos procedementos nos casos de comunicación previa ou declaración responsable e establecer as actividades que quedan excluídas deste mecanismo de control que establece o artigo 84 bis da Lei de bases de réxime local mediante elaboración de ordenanza municipal de tramitación de actividades así como o réxime xurídico simplificado de declaración responsable e de comunicación previa para aquelas actuacións ou intervencións con escasa ou nula entidade técnica ou construtiva.

Dita moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de febreiro de 2012.

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Moldes Martínez dicindo que a moción presentada ten por obxecto a elaboración dunha ordenanza que permita adaptar o procedemento ás directrices europeas.

Cremos que coa elaboración e aprobación desta ordenanza conseguiríase unha simplificación no procedemento e creariase riqueza e novos postos de traballo como ocorre noutros concellos que a están a aplicar, ademais non afectaría a todo o termo municipal, xa que hai zonas que necesitarían os respectivos informes sectoriais.

O Sr. Barreiro Lubián di que o procedemento simplifica trámites e acelera expedientes pero temos que ter en conta que neste Concello por regra xeral as licenzas de apertura son áxiles, tardan máis tempo nos casos que hai que solicitar os informes sectoriais, poderíamos estar de acordo no tema das licenzas de apertura pero non nas licenzas de obras.

O Sr. Agís Gómez indica que esta tramitación sería bo e podería funcionar naqueles casos no que non é necesario a tramitación dunha licenza de obras, soamente naqueles casos na que se solicita pola veciñanza licenzas de actividade.

A Sra. Nieto García propón que polo Departamento correspondente se elabore unha ordenanza onde se inclúa esta tramitación e logo debatiríase na correspondente sesión plenaria, non sería para todas as obras soamente para aquelas que so requiren adaptación do local, decoración...

Rematado o debate e sometida a votación ordinaria, o pleno polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Elaborar unha ordenanza que regule o procedemento que deben seguir os interesados nos casos de comunicación previa ou declaración responsable e establecer as actividades que quedan excluídas deste mecanismo de control que establece o artigo 84 bis da Lei de bases de réxime local: Ordenanza municipal de tramitación de actividades.

Segundo: Comunicar o presente acordo ao Departamento de Aperturas, para a elaboración dos trámites que correspondan.

3642.- MOCIÓNS, MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN AO APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente iniciado mediante moción presentada polos Grupos Municipais do BNG e Socialista na que solicitan a adopción do seguinte acordo en relación coa defensa sa sanidade pública: 1º) Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza. 2º) Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa. 3º) Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza.

O expediente foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de febreiro de 2012.

Comeza a quenda de intervencións a Sra. Díaz Iglesias explicando o contido da moción é a adhesión á iniciativa legislativa da Plataforma SOS Sanidade Pública, é frear a tendencia da privatización do goberno do actual

gobierno da Xunta de Galicia, que o único que persegue é o desmantelamento dos piares do estado de benestar. Nos defendemos os dereitos da veciñanza que é o único argumento que nos vale.

A Sra. Besada Lores di que o seu grupo político apoia a moción xa que o que defenden é unha sanidade pública de calidade e gratuíta, todo o contrario que o Partido Popular que o único que buscan é o deterioro da sanidade pública, porque non lles gusta. Aínda que di que sempre defendeu a sanidade pública pero non é así, a prona está cando o Partido Popular creou fundacións (O Salnés, O Barbanza...) en contra dos informes dos expertos que dicían que non era rentable e cando entrou o bipartito tivo que dotar de medio materiais e persoais estes centros e inxectar con grandes cantidades para poder recuperalos, pero isto non trascende, é moito mellor, facer un novo Hospital en Monte Carrasco que é máis viable que unha ampliación de Montecelo, pero a quen queren enganar o único que buscan é privatizar.

O Sr. Barreiro Lubián di que as visións son diferentes nos consideramos que non é viable encomendar os servizos ás empresas privadas, sostemos que o servizo encarácese ata 10 veces máis, e para iso, podemos ver a sanidade nas comunidades de Madrid, Valencia...

O Sr. Martínez Blanco manifesta que o xefe de Galicia foi o iniciador do sistema sanitario en Madrid que logo levou a Valencia. Na actualidade están derivando os casos ao Domínguez e á Mercé e en Monte Celo hai plantas pechadas, unha cousa é aplicar reformas e outra é recortar, o que non se pode é xogar coa sanidade pública.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas e por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro: Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo: Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

Terceiro: Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza.

3643.- MOCIÓN, MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN AO REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL APROBADA POLO GOBERNO CENTRAL.- Antes de comezar a deliberación e exposición do asunto pola voceira do Partido Municipal Socialistaponse de manifesto á adhesión do seu grupo político ao texto da moción presentada.

Pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción do grupo municipal do B.N.G. de data 17 de febreiro de 2012 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 17 de febreiro de 2012 que, tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: 1º) Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a: 1. Proceder á derogación de dita norma; e 2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato. 2º) Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e Parlamento de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galiza.

Con data 20 de febreiro de 2012 dita moción foi sometida a consideración da Comisión Informativa de Facenda, sendo informada favorablemente.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención acordou aprobar o ditame emitido adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder á derogación de dita norma;
2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

Segundo: Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e Parlamento de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galiza.

3644.- SECRETARÍA, ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR POLO QUE SE DÁ CONTA DAS MODIFICACIÓNS DOS/AS COMPOÑENTES DAS COMISIÓNS PERMANENTES E CAMBIO DE VOCEIRO DO GRUPO.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de febreiro de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do escrito do grupo municipal do P.P. de data 15 de febreiro de 2012 no que pon en coñecemento os cambios dos membros das Comisións Informativas seguintes: **Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas** os membros titulares son Juan José Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez e Angel Moldes Martínez, sendo suplentes o resto de concelleiros e na **Comisión Informativa de Seguimento do Plan Especial de Combarro** os membros titulares son Celeste Nieto García, Angel Moldes Martínez e Juan José Rodríguez Grandal, sendo suplentes o resto de concelleiros. Igualmente comunican que a partir da data do escrito o voceiro do grupo municipal do P.P. Será Angel Moldes Martínez e a súa suplente é Celeste Nieto García. A Comisión dáse por enterada.”

A Corporación dáse por enterada.

3645.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN ENTRE O CONCELLO DE POIO E MANUEL RIAL BUCETA E MARIA JESÚS NIETO QUINTILLÁN EN RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA NO LUGAR DE SEARA.- Dáse conta do expediente tramitado en relación coa aprobación definitiva do convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e D. Manuel Rial Buceta e María Jesús Nieto Quintillán para a execución da obra de “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon” de data 5 de maio de 2011 aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 20 de maio de 2011.

Con data 20 de decembro de 2011 publicouse anuncio de aprobación no Diario Oficial de Galicia número 241, establecéndose un prazo de 20 días hábiles, contados a partir da devandita publicación, o que rematou o 20 de xaneiro de 2012, constando no expediente certificación de data 03 de febreiro de 2012, emitida pola Secretaria Xeral de que no prazo de información pública non se presentou alegación ningunha nin se interpuxo recurso de reposición contra o mesmo.

Con data 13 de febreiro de 2012 emituse informe pola Secretaria Xeral e que di o que segue: “*Asunto: convenio urbanístico de xestión entre o Concello de Poio e Manuel Rial Buceta e María Jesús Nieto Quintillán*”

Situación: rúa Gozalo Fernández de la Mora e Mon.

Interesado/a: Manuel Rial Buceta e María Jesús Nieto Quintillán

Paula Ramos Díaz, funcionaria con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de

conformidade có establecido no artigo 195 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA), emito o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES

Aprobación inicial de convenio urbanístico de xestión entre o Concello de Poio e Manuel Rial Buceta e María Jesús Nieto Quintillán mediante acordo adoptado en Pleno celebrada o 20 de maio de 2011.

Realización de trámite de información pública durante 20 días hábiles mediante a inserción de anuncio no DOG nº 238 de 20 de decembro de 2011; no Faro de Vigo de 22 de decembro de 2011 e no taboleiro de nuncios do concello durante o periodo comprendido entre o 20 de decembro de 2011 ao 21 de xaneiro de 2011. Non existe documentación incorporada ao expediente acreditativa da presentación de reclamación, alegación ou recurso administrativo ningún.

Informe conxunto de secretaría e intervención de 5 de maio de 2011.

CONSIDERACIÓNS

1. En relación ás consideracións xurídicas que proceda realizar sobre o **obxeto e forma** do convenio de xestión aprobado inicialmente, remítome ao xa informado con sentido desfavorable no informe conxunto de intervención e secretaría de 5 de maio de 2011, ás que se adhire esta informante.
2. En canto ao **procedemento** a seguir para os convenios de planeamento e xestión urbanística, tal e como se indicaba no referido informe, art. 235 LOUGA, unha vez realizado o trámite de información pública procedería:
 - Redacción de proposta de texto definitivo dando conta ás persoas coas que se teña negociado e subscrito o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou renuncia.
 - Ratificación polo órgano competente e sinatura dentro dos 15 días seguintes á notificación da probación do texto definitivo.

Ase mesmo, deberá observarse o contido do artigo 70 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, introducido pola disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 320 de xuño, poñendo a disposición dos cidadáns que así o soliciten, exemplares dos convenios urbanísticos que se formalicen.

Con data 14 de febreiro de 2012 someteuse o expediente a consideración da Comisión Informativa de Urbanismo sendo ditaminado favorablemente.

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión correspondente e en virtude do disposto no artigo 235 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia acordou:

Primeiro.- Prestar aprobación á proposta de convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e D. Manuel Rial Buceta e María Jesús Nieto Quintillán para a execución da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon:

"CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. MANUEL RIAL BUCETA E A SÚA DONA MARÍA JESÚS NIETO QUINTILLÁN, PARA EXECUCIÓN DA OBRA DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y

MON.

Na Casa do Concello de Poio, sendo as 14:00 horas do día 5 maio de 2011.

COMPARECEN

Dunha parte D. Luciano Sobral Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Poio, con D.N.I. núm.: 35.250.235-K, en nome e presentación do Concello.

Pola outra parte D. Manuel Rial Buceta, maior de idade, con D.N.I. núm.: 35.230.517-Z e a súa esposa Dna. M^a Jesús Nieto Quintillán, maior de idade, con D.N.I. núm.: 35.238.696-M, con domicilio rúa González Fernández de la Mora y Mon nº 26, do Concello de Poio.

As partes comparecentes en uso das atribucións que lle corresponden e con capacidade de obrar, que mutuamente se recoñecen, proceden á subscrición do presente convenio urbanístico de xestión e planeamento, de conformidade cos artigos 233, 234 a) e b), 235, 236 e 237, da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza, modificada pola 15/2004, e 2/2010, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto fundamental do presente convenio basease na necesidade que ten o Concello de Poio de te-la a dispoñibilidade do terreo afectado pola execución da obra do proxecto de “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon”, redactado polo enxeñeiro municipal D. José L. Arias Rodríguez, en decembro de 2009, para o que necesita o Concello adquirir os terreos propiedade dos outros comparecentes, que se identifica no plano que se achega confeccionado polo enxeñeiro municipal, e que compende a parcela nº 6 de 114,35m² e parcela nº 7 de 18,91m² e valorándose polo enxeñeiro municipal os terreos a ceder ao Concello na cantidade de 12.473,14€ e cuio proxecto pretende executar o Concello, por razóns de interese xeral e coa finalidade de satisfacer as necesidades e aspiracións ideais da comunidade vecinal, coa mellora sustancial que se pretende realizar en dita rúa, (doc. nº 1 e 2).

SEGUNDA.- A tal efecto, os dous comparecentes anteditos manifestan que son propietarios da seguinte finca, según copia da escritura de compravenda, de data 26 de decembro de 1981, outorgada ante o notario D. Eduardo Méndez Apenela, con número 3.419, de compravenda, outorgada por Dna. Carmen Franco Arís a favor de Dna. M^a Jesús Nieto Quintillán:

“SEARIÑAS. A labradío – regadío, de 12 concas de extensión, equivalentes a 6 áreas vintecatro centiáreas. Limita norte, estrada o Mosteiro de Poio; sur, Mercedes Pérez Arís; leste, Peregrina Martínez e outros e oeste Antonio Franco”.

Está inscrita no Rexistro da Propiedade ó tomo 1844, libro 2.003, folio 107, finca num. 16.741, inscrición primeira (doc. Núm. 3).

Xuntándose tamén a escritura pública de 16 de decembro de 1982, ante o notario D. Eduardo Méndez Apenela con número 302, de compravenda outorgada por Dna Laura Rivas Balea a favor de D. Manuel Rial Buceta, na que consta a adquisición doutra finca:

“SEARIÑA, no lugar de Seara, a labradío – secano, de doce concas. Linda norte, estrada do convento; sur, Ángela Villanueva e Mercedes Arís; leste, Ángela Villanueva e oeste Manuel Rial Buceta”, consta entregada no Rexistro da Propiedade para a súa inscrición (doc. nº. 3 – bis).

TERCEIRA.- O Concello de Poio, representado polo seu alcalde, comprométese a executar as obras

correspondentes a dito proxecto, nun prazo máximo de 9 meses, prorrogables por acordo expreso de ámbalas dúas partes, a contar da data da sinatura deste documento.

Igualmente, comprométese o Concello a executar antes do 1 de xullo de 2011 as obras correspondentes ao recuamento do valo existente, así como a establecer un cerramento provisional do predio, durante o tempo que duren a execución das obras de traslado e reconstrucción de valo, co fin de evitar que quede aberto o predio dos outros comparecentes, demolendo o actual existente e a súa reconstrucción á liña que se indica segundo croquis e presuposto confeccionado polo enxeñeiro municipal, cuia copia achégase (doc. nº 4).

Comprometéndose tamén o Concello a que na revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que se tramita actualmente, lles quede liberada da aliñación que figura actualmente no Plan Xeral a edificación destiñada a vivenda dos comparecentes, fixándose a aliñación definitiva da rúa na revisión do Plan Xeral sen afectar á vivenda dos mesmos nin ao valo de cerramento unha vez retranqueado e construído (segundo plano da revisión do Plan Xeral que se xunta), (Doc. nº 5). Quedando fixada a aliñación a 8,50m, dende o valo de enfrente, da finca de Mon, remitíndose o convenio a Consultora Galega para a súa inclusión no novo Plan Xeral, ós efectos de que se adapte a aliñación do vial ó documento nº 1 – plano do Enxeñeiro municipal a escala 1:500.

Incorpórase informe da arquitecto municipal xustificando o motivo da cambio da aliñación que figura na actualidade no Plan Xeral, ao reducir o ancho do vial, quedando o mesmo con ancho suficiente xa que a circulación de vehículos será nun só sentido ascendente, a contar a partir PO-308, especificándose no informe o ancho que ten actualmente no Plan Xeral o vial e o ancho que se propón na revisión do Plan (Doc. nº 6).

Para o suposto de que na aprobación definitiva da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal non se conseguira desafectar totalmente a edificación destinada a vivenda e o cerramento reconstruído, os outros comparecentes terán dereito a que o Concello os indemnice na cantidade de 12.473,14€, importe da valoración dos terreos cedidos ó Concello, realizada polo Enxeñeiro municipal.

CUARTA.- Os comparecentes comprométense a segregar, mediante escritura notarial, a parcela de cesión ao Concello, sinalada na cláusula primeira, durante a vixencia deste convenio, para a súa cesión gratuita e libre de cargas ao Concello, e con destino a vial público, autorizando neste acto o Sr. Alcalde a licenza de segregación de dita parcela; sendo a cargo do Concello todos os custos e impostos que se devenguen por estes actos, tanto a segregación como a cesión ao Concello.

Igualmente os comparecentes, coa finalidade de dar facilidades ao Concello para a contratación e execución do proxecto de obra, autorizan expresamente o mesmo para que poidan xa proceder á ocupación dos terreos obxecto de cesión, concedendo xa o Concello de Poio dende este momento a libre dispoñibilidade destes terreos.

QUINTA.- Achégase informe do enxeñeiro municipal polo que se acredita que o valor dos terreos cedidos ao Concello é superior ou equivalente ao custo das obras que ten que executar o Concello, ou de demolición ou reconstrucción dun novo cerramento do predio dos outros comparecentes, de conformidade co disposto no artigo 12 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xullo. (Doc. nº 7).

Igualmente se achega informe da intervención municipal no que se refire ás súas funcións, sobre o contido económico deste convenio (Doc. nº 8).

SEXTA.- A competencia para a aprobación deste convenio de xestión corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto nos artigos 22. 2 c), por tratarse dun convenio de xestión e planeamento, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 237.2 da Lei 9/2002, ao coincidir este convenio de planeamento coa revisión do Plan Xeral, unha vez aprobado o mesmo polo Pleno, incluírase o texto íntegro do convenio na documentación que se someta a información

pública despois da aprobación inicial do Plan Xeral.

Estando conformes todas as partes do contido deste convenio, asinando, no lugar e datas indicadas no encabezamento”.

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados requiríndolles para que manifesten de forma expresa a súa conformidade co texto aprobado para os efectos previstos no art. 237.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Terceiro.- Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

3646.- URBANISMO, PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.- Antes de comezar o tratamento do presente asunto auséntase do Salón de Sesións, o Concelleiro do Partido Popular D. Javier Domínguez Lino.

Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente iniciado mediante escrito remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Instituto Galego da Vivenda e Solo que tivo entrada no Rexistro Xeral con data 11 de decembro de 2012, número 211, concedendo ao concello de Poio do período de audiencia relativa ao Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade autónoma de Galicia, ampliado posteriormente por un prazo de 2 meses a partir da publicación de anuncio no DOG que rematará o 5 de marzo de 2012 (anuncio publicado no DOG o 5 de xaneiro de 2012) segundo aclaración formulada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo de data de entrada no Rexistro Xeral o 23 de xaneiro de 2012, número 414.

Unha vez informado o mesmo polos/as Técnicos/as Municipais o expediente someteuse a consideración da Comisión Informativa de Urbanismo na sesión realizada o 31 de xaneiro de 2012 sendo retirado da orde do día pola Presidencia acordando solicitar informe ao equipo redactor da revisión do PXOM e unha vez incorporado o mesmo someteuse novamente á consideración da Comisión de data 21 de febreiro de 2012 emitíndose o seguinte ditame:

“E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente: “ Visto o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresarias na Comunidade Autónoma de Galicia e o Informe de Sustentabilidade Ambiental relativo ó mesmo, promovido pola Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, así como o disposto na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e o disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia mediante Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, teño a ben informa - lo seguinte:

Primeiro.- Con data 11 de xaneiro de 2012, ten entrada no Concello de Poio o escrito do Director Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, de 5 de xaneiro de 2012, dando audiencia, polo prazo dun mes, ó Concello de Poio, para que poida alegar o procedente sobre o contido de dito plan sectorial e do informe de sustentabilidade ambiental do mesmo, no que afecta ó termo municipal de Poio, cuxo prazo para alegacións finaliza o 11 de febreiro de 2012.

Igualmente indícase en dito oficio que segundo anuncio publicado no Doga de 5 de xaneiro de 2011, faise pública a resolución do Director Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, de 26 de decembro de 2011, polo que se fai pública a declaración de supramunicipalidade do Plan Sectorial de Ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, e sométese a información pública e consultas, xunto co seu informe de sustentabilidade ambiental durante o prazo de 2 meses, a contar desde o 5 de xaneiro de 2012, durante o cal calquera persoa interesada poderá examinar dita documentación no Instituto

PRIMERO.- El artículo 22.2 j) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, atribuye al pleno del Ayuntamiento la facultad del ejercicio de acciones judiciales y administrativas y la defensa de la corporación en materias de competencia plenaria, por lo que, es competencia del pleno, por mayoría simple la adopción del acuerdo correspondiente para la interposición de este recurso contencioso administrativo ante la Audiencia Nacional.

El artículo 54.3 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, exige como requisito previo al acuerdo que se adopte para el ejercicio de las acciones necesarias para la defensa de sus bienes y derechos, que se adopten previo dictamen del secretario, o, en su caso, de la asesoría jurídica y, en defecto de ambos, de un letrado.

Por lo que este dictamen se emite como asesor jurídico del Concello de Poio y como letrado en ejercicio.

La Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso Administrativa, establece en su artículo 11.1 “La Sala de lo Contencioso-administrativo de la Audiencia Nacional conocerá en única

instancia: De los recursos que se deduzcan en relación con las disposiciones generales y los actos de los Ministros y de los Secretarios de Estado en general y en materia de personal cuando se refieran al nacimiento o extinción de la relación de servicio de funcionarios de carrera. Asimismo conocerá de los recursos contra los actos de cualesquiera órganos centrales del Ministerio de Defensa referidos a ascensos, orden y antigüedad en el escalafonamiento y destinos.”

Tratándose de una disposición de carácter general, como lo es la Orden del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (hoy Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente), de 14 de diciembre de 2011, que aprobó el deslinde, es competente, la Sala de lo Contencioso Administrativo de la Audiencia Nacional para el conocimiento del recurso que se interponga.

Y habiéndose interpuesto por escrito de 12 de diciembre de 2011, el primer recurso contencioso – administrativo contra la primera orden aprobatoria del deslinde de 20 de junio de 2011 y contra la desestimación tácita por silencio del requerimiento previo de anulación de dicha orden, deben tenerse en cuenta para la interposición de este segundo recurso lo dispuesto en los siguientes preceptos 34, 35, 36 y 37 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso- Administrativa, que regulan la ampliación y acumulación de este segundo recurso que se va a interponer al primer recurso interpuesto en su día, a los efectos de que se resuelvan ambos en una única sentencia.

SEGUNDO.- En cuanto a la procedencia de interponer el recurso contencioso administrativo ante la Audiencia Nacional, solicitando la anulación de la Orden Ministerial de 14 de diciembre de 2011, en todo lo que la misma no haya estimado las pretensiones del Ayuntamiento, con la finalidad de que, pueda conseguirse la reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20m, en todas las áreas del término municipal, que tenían la consideración de suelos urbanos, no sólo por estar así clasificados en las Normas Subsidiarias municipales de 1985 y en el Plan General vigente en el año 2000, tal como se proponía en el dictamen de esta asesoría jurídica de 1 de julio de 2010 (y planos que se adjuntaban al mismo), así como los suelos urbanos que también estaban consolidados por la edificación en más de las 2/3 partes de las áreas del término municipal de Poio, que se reflejan en el informe y planos confeccionados por la Arquitecto municipal el 4 de febrero de 2011, no estando conforme esta asesoría con los fundamentos expuestos en esta segunda orden ministerial, al considerar que no puede reducirse la servidumbre de protección de 100 a 20m en las áreas de suelo no urbanizable normal, suelo no urbanizable de protección paisajística y suelo no urbanizable de costa y núcleos rurales tradicionales y mixtos, porque argumenta el Ministerio, que estos suelos no eran suelos urbanos a la entrada en vigor de la Ley de Costas, estimando esta asesoría que debe prevalecer la interpretación que se hizo reflejar en los dictámenes emitidos en su día en este expediente, en el sentido de que, la clasificación de suelo urbano es procedente una vez probada fehacientemente el grado de consolidación de la edificación en dichos suelos, en el momento de la entrada en vigor de la Ley de Costas, tal como hizo el Ayuntamiento con el informe del Arquitecto municipal y así lo confirma la legislación de costas, la jurisprudencia y la doctrina citadas en dichos informes de esta asesoría.

Por todo lo expuesto, de conformidad con los antecedentes indicados y fundamentos de derecho citados, se formula la siguiente:

CONCLUSIÓN

Que puede el pleno del Ayuntamiento, en defensa del interés general, previa propuesta de la Alcaldía, dictamen de la Comisión Informativa de urbanismo y en su caso, de la Secretaria del Concello, adoptar el correspondiente acuerdo plenario facultando al Sr. Alcalde para el ejercicio de la acción judicial correspondiente:

1º.- Mantener el recurso contencioso – administrativo interpuesto el 12 de diciembre de 2011, ante la Sala de lo Contencioso – Administrativo de la Audiencia Nacional.

2º.- Interponer un segundo recurso contencioso – administrativo ante la Sala de lo Contencioso – Administrativo de la Audiencia Nacional, contra la Orden del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino de 14 de diciembre de 2011, y contra la resolución de la Dirección General de la Sostenibilidad de la Costa y del Mar de la misma fecha, que aprobaron el deslinde, en todo lo que desestime las pretensiones

del Concello de reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20 metros.

3º.- Ampliar y acumular este segundo recurso contencioso – administrativo al ya interpuesto el 12 de diciembre de 2011, solicitando la acumulación de ambos a los efectos de dictar una única sentencia.

Todo ello por considerar que existe base legal suficiente para conseguir la anulación de la orden de 14 de diciembre de 2011 (en la parte que no estima las pretensiones del Concello), que aprobó el deslinde y conseguir la reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20m en todas las áreas que solicitó el Ayuntamiento.

Es parecer del letrado que informa que se emite en Poio a 15 de febrero de 2012.”

Con fecha 16 de febrero de 2012 se incorpora al expediente propuesta de la alcaldía:

“PROPUESTA DE LA ALCALDÍA PARA LA COMISIÓN DE URBANISMO. INTERPOSICION DE SEGUNDO RECURSO CONTENCIOSO – ADMINISTRATIVO ANTE LA AUDIENCIA NACIONAL CONTRA LA ORDEN DEL MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO DE 14 DE DICIEMBRE DE 2011, DEL DESLINDE DEL TRAMO DE COSTA QUE COMPRENDE LA TOTALIDAD DEL TRAMO DEL TÉRMINO MUNICIPAL DE POIO.”

Por acuerdo del pleno del Ayuntamiento de Poio, en sesión ordinaria realizada el 29 de noviembre de 2011, se adoptó el acuerdo número 3.609, de interponer recurso contencioso – administrativo ante la Audiencia Nacional, contra la Orden Ministerial de de 20 de junio de 2011, dictada por delegación mediante resolución de la Dirección General de la Sostenibilidad, de la Costa y del Mar de la misma fecha, por la que, se aprobó el deslinde número DL – 157 – Pontevedra que, comprende todo el término municipal de Poio, por considerar que existía base legal suficiente para conseguir la anulación de dicha orden y conseguir la reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20m, en las áreas señaladas en el informe del asesor jurídico, facultando al Alcalde para el ejercicio de dicha acción judicial a través de cualquiera de los procuradores que, consten en el poder general de pleitos otorgado en su día y, designando al letrado que defienda al Concello en este recurso.

Y por escrito de 12 de diciembre de 2011, se interpuso el pertinente recurso contencioso administrativo, ante la Audiencia Nacional.

Con fecha 24 de enero de 2011, tiene entrada en el Ayuntamiento de Poio la resolución de 19 de enero de 2012, del Jefe del Servicio Provincial de Costas en Pontevedra, trasladando al Ayuntamiento copia de la resolución de la Dirección General de la Sostenibilidad de la Costa y del Mar de 14 de diciembre de 2011, por la que, se aprobó la Orden Ministerial por denegación, la Orden Ministerial de 14 de diciembre de 2011, del deslinde del tramo de costa que comprende la totalidad del término de Poio en cuya parte dispositiva se especifica lo siguiente:

I.- Estimar, en parte, el requerimiento previo formulado por el Ayuntamiento de Poio, contra la O.M. de 26 de junio de 2011, aprobatoria del deslinde de los bienes de dominio público marítimo terrestre del tramo de costa que comprende la totalidad del término municipal de Poio, **únicamente en lo relativo a los denominados núcleos de población de Covelo, Campelo y Lourido.**

II.- Ordenar al Servicio Periférico de Costas de Pontevedra que, elabore nuevos planos en los que se recoja la modificación de la anchura de la zona de servidumbre de protección en dichos tramos, reduciéndose a 20 metros en las zonas de Covelo y Lourido, y ajustándose al límite de la edificación consolidada en la zona de Campelo, remitiéndolos a este Centro Directivo para su ulterior aprobación.

Con fecha 13 de febrero de 2012, el abogado D. Ángel T. Sutil García emitió el correspondiente dictamen, a petición de esta Alcaldía, favorable a la interposición de un segundo recurso contencioso – administrativo para conseguir la anulación de la Orden de 14 de diciembre de 2011 (en la parte que no estimó las pretensiones del Ayuntamiento), que aprobó el deslinde número DL – 157 – Pontevedra (DE S01/98/36/0003) y conseguir la reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20 metros en todas las áreas que solicitó el Ayuntamiento en vía administrativa.

Por todo ello, esta Alcaldía propone al pleno, previo dictamen de la Comisión Informativa de

Urbanismo, adoptar el correspondiente acuerdo para el ejercicio de la acción judicial correspondiente:

1º.- Mantener el recurso contencioso – administrativo interpuesto el 12 de diciembre de 2011, ante la Sala de lo Contencioso – Administrativo de la Audiencia Nacional.

2º.- Interponer un segundo recurso contencioso – administrativo ante la Sala de lo Contencioso – Administrativo de la Audiencia Nacional, contra la Orden del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino de 14 de diciembre de 2011, y contra la resolución de la Dirección General de la Sostenibilidad de la Costa y del Mar de la misma fecha, que aprobaron el deslinde, en todo lo que desestime las pretensiones del Ayuntamiento de reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20 metros.

3º.- Ampliar y acumular este segundo recurso contencioso – administrativo al ya interpuesto el 12 de diciembre de 2011, solicitando la acumulación de ambos a los efectos de dictar una única sentencia.

4º.- Designar al letrado D. Ángel T. Sutil García, para que defienda al Ayuntamiento en este recurso, pudiendo actuar a través de cualquiera de los procurados que consten en el poder general para pleitos otorgado en su día. ”

La Comisión Informativa de Urbanismo en su sesión realizada el 21 de febrero de 2012, que forma parte del presente acuerdo:

No suscitándose debate ninguno, en votación ordinaria, por el voto favorable de los dieciséis miembros siendo diecisiete su número legal de miembros, el pleno de la Corporación adoptó el siguiente acuerdo:

1º.- Mantener el recurso contencioso – administrativo interpuesto el 12 de diciembre de 2011, ante la Sala de lo Contencioso – Administrativo de la Audiencia Nacional.

2º.- Interponer un segundo recurso contencioso – administrativo ante la Sala de lo Contencioso – Administrativo de la Audiencia Nacional, contra la Orden del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino de 14 de diciembre de 2011, y contra la resolución de la Dirección General de la Sostenibilidad de la Costa y del Mar de la misma fecha, que aprobaron el deslinde, en todo lo que desestime las pretensiones del Ayuntamiento de reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20 metros.

3º.- Ampliar y acumular este segundo recurso contencioso – administrativo al ya interpuesto el 12 de diciembre de 2011, solicitando la acumulación de ambos a los efectos de dictar una única sentencia.

4º.- Designar al letrado D. Ángel T. Sutil García, para que defienda al Ayuntamiento en este recurso, pudiendo actuar a través de cualquiera de los procurados que consten en el poder general para pleitos otorgado en su día.

3648.- MODIFICACIÓN REGULAMENTO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER.- Dáse en conta do expediente tramitado mediante proposta da Concelleira de Igualdade de data 30 de xaneiro de 2012, na que a solicitude do propio Consello mediante acordo adoptado da súa sesión realizada o 11 de xaneiro de 2012 propón a modificación do artigo III Réxime interno, parágrafo c) convocatorias das sesións do Consello Municipal da Muller do Concello de Poio publicado no Boletín Oficial da Provincia de data 5 de setembro de 2006, número 170, que establece que “Para a súa constitución necesitarase que asistan en 1ª convocatoria, polo menos, a maioría absoluta dos membros que compoñen o Pleno do Consello ademais do presidente e do secretario ou persoas que legalmente os substitúan; de non ter o quórum establecido, quedará **constituído media hora despois**, calquera que sexa o número de membros que asistan”, solicitándose a seguinte redacción “Para a súa constitución necesitarase que asistan en 1ª convocatoria, polo menos, a maioría absoluta dos membros que compoñen o Pleno do Consello ademais do presidente e do secretario ou persoas que legalmente os substitúan, a constitución do mesmo, de non ter o quórum en primeira convocatoria, quedará constituído, **un cuarto de hora despois**, calquera que sexa o número de membros que asistan”. Consta no expediente informe emitido pola Secretaria Xeral de data 06 de febreiro de 2012 e ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte de data 08 de febreiro de 2012.

Non subscitándose debate ningún o pleno da corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social de data 30 de xaneiro de 2012, nos seus propios termos.

Segundo: Someter o expediente a información pública polo prazo de 30 días, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia. De conformidade co establecido no art. 49.c) da lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, de non presentarse reclamación ou suxerencia ningunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata tal momento provisional.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais que correspondan.

3649.- DECLARACIÓN DO 24 DE FEBREIRO DE 2012 COMO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado mediante moción do Grupo Municipal do BNG con data Rexistro o 07 de febreiro de 2012 en relación a conmemoración do día 24 de febreiro de 2012 Día de Rosalía de Castro así como os actos a realizar co motivo da devandita conmemoración.

Consta no expediente ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte de data 08 de febreiro de 2012.

Pola Concelleira de Cultura D^a. Silvia Díaz explícase o contido da moción e proceda a dar lectura aos acordos a adoptar.

Non suscitándose debate ningún o pleno da corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Conmemorar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.

Segundo: Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello no día de Rosalía, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.

Terceiro: Realizar unha lectura pública da obra rosaliana, celebrando unha sesión extraordinaria do club de lectura dedicado exclusivamente á obra de Rosalía de Castro. Esta sesión será de portas abertas, podendo participar calquera asistente. Mércores 22 de febreiro, ás 20 h. na Escola do Campo de Combarro.

3650.- MOCIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA, 8 DE MARZO.- Previa ratificación da inclusión da moción na orde do día por unanimidade de asistentes de conformidade co disposto no artigo 82.3º do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídicos das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción conxunta do PSOE e do BNG en relación ao celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Pola Sra. Díaz Iglesias procédese a dar lectura do contido da moción manifestando que se trata dun recorte nos dereitos da mulleres, que consta dunha exposición de motivos e solicita do Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.

2º.- Pedirlle á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandito lei.

3º.- Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso aos métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.

4º.- O Concello apoia a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actúantes en Galiza.

5º.- Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Goberno do Estado.

Antes de comezar a quenda de deliberacións, o Sr. Alcalde solicita que se reenvie igualmente aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

A Sra. Villaverde Rosales expón que desde o Grupo Municipal do Partido Popular non se vai apoiar a moción presentada, si que apoian calquera acto en relación coa conmemoración do Día, pero non esta moción. O goberno reformará a lei de forma parcial pero non se trata dunha derogación como insistides.

A Sra. Besada Lores lamenta que despois de 17 anos non se chegue a un consenso coa moción presentada. Nos insistimos en que non se trata dunha modificación da lei senón que dunha derogación que implica un retroceso nos dereitos das mulleres, xa que a lei facilita o aborto a toda muller que o necesite pero tamén se recolle a prevención.

A Sra. Nieto García manifesta que esta proposta viña recollida no programa electoral e que foi respaldada pola maioría absoluta dos votantes nas pasadas eleccións no mes de novembro.

O Sr. Barreiro Lubián di que hai que respectar a todos, os que queren e os que non, pero a conciencia eclesiástica pódemos, estamos a falar dun dereito voluntario non se lle obriga a ninguén pero nos cremos que ese dereito hai que telo.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións sométese a votación a moción presentada e por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención este quedou aprobada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.

Segundo.- Pedirle á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandito lei.

Terceiro.- Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso aos métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.

Cuarto.- O Concello apoia a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actúantes en Galiza.

Quinto.- Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, Grupos Parlamentarios e ao Presidente do Goberno do Estado.

3651.- MODIFICACIÓN REGULAMENTO DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE POIO.- Previa ratificación da inclusión deste punta na orde do día por unanimidade de asistentes de conformidade co disposto no artigo 82.3º do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídicos das entidades locais, pola Secretaría presente na sesión dáse

conta do expediente tramitado co motivo da aprobación inicial da modificación do Regulamento de uso das instalacións deportivas do Concello de Poio publicado no Boletín Oficial da Provincia do 9 de marzo de 2004.

Consta no expediente acta do Consello Municipal de Deportes de sesión extraordinaria realizada o 13 de decembro de 2011, informes emitidos pola Secretaria Xeral de data 05 de decembro de 2011 e 23 de febreiro de 2012 e informe emitido pola Intervención Municipal de data 23 de febreiro de 2012.

A Sra. Caldas Moreira explica as modificacións introducidas no texto do regulamento onde se recollen os argumentos técnicos e o ditame do Consello de Deportes.

Explica así mesmo aos asistentes, como con posterioridade a súa elevación ao referido órgano consultivo, introducíronse as variacións necesarias para dar cobertura ao contido dos informes da intervención e da secretaría municipal. Desta forma elimínase á referencia á exención inicialmente proposta, sistematízase o procedemento de solicitude de reserva periódica e sistemática de instalacións e se perfecciona o sistema de esixencia de póliza de responsabilidade civil aos clubs ou asociacións ou documento xustificativo equivalente como a ficha federativa, e no caso de utilización puntual, mediante a declaración de execución de responsabilidade.

Non obstante considérase necesario por dita concellería manter como criterio de preferencia na concesión de reservas periódicas ou sistemáticas, a veciñanza no concello de Poio.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros acordou:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á modificación do Regulamento de Uso das Instalacións Deportivas do Concello de Poio quedando redactado como segue: “ **CAPÍTULO I. DO USO DAS INSTALACIÓNS**

Artigo 1. O presente regulamento ten por obxecto a formulación dun conxunto de normas encamiñadas á planificación e control das actividades deportivas que se realizan nas instalacións municipais deportivas e no Complexo Deportivo Miguel Anxo Pazos.

Calquera club, asociación, entidade ou persoa física poderá facer uso das instalacións deportivas ou solicitar a súa reserva sistemática ou periódica de conformidade cos requisitos esixidos no presente regulamento.

Artigo 2. As instalacións obxecto da presente normativa poderán ser utilizadas mediante reserva sistemática ou periódica, tendo en conta os seguintes criterios de preferencia:

1. Escolas Deportivas Municipais.
2. Clubs, asociacións e entidades deportivas locais participantes en competicións.
3. Centros escolares do Concello.
4. Clubs, asociacións e entidades deportivas locais que non participen en competicións.
5. Clubs, asociacións e entidades deportivas non locais.

As entidades deportivas que pretendan solicitar a reserva periódica ou sistemática das instalacións deportivas, deberán reunir os seguintes requisitos:

1) Estar inscrita no Rexistro Municipal de asociacións, por desenvolver a súa actividade dentro do termo municipal.

2) Ser unha entidade sen ánimo de lucro e estar ao corrente

no cumprimento das súas obrigas fiscais co Estado, Comunidade Autónoma, o Concello de Poio e coa Seguridade Social.

3) Acreditar que ao menos o 75% dos seus membros e o 51% dos seus participantes na modalidade deportiva de que se trate, sexan veciños de Poio.

As solicitudes da reserva sistemática e periódica das distintas instalacións deportivas realizaranse previa convocatoria anual mediante a inserción de anuncio no BOP, nun dos diarios de maior difusión provincial e no taboleiro de anuncios do Concello durante o periodo comprendido entre o 15 de xuño e o 31 de xullo (ambos inclusive).

1. As solicitudes de reserva de instalacións deportivas deberanse presentar no Rexistro xeral do Concello de Poio mediante a instancia tipo que se recolle no Anexo I deste regulamento, achegando a documentación que se relaciona de seguido:

Certificación acreditativa de estar inscrita no Rexistro Municipal de asociacións.

Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais co Estado, coa Comunidade Autónoma, co Concello de Poio e coa Seguridade Social

Breve memoria explicativa da actividade que se pretende realizar na instalación, así como da actividade que realiza a entidade e a xustificación das horas solicitadas.

Listado certificado de deportistas ou socios pertencentes á entidade que vaian utilizar a instalación (co seu respectivo D.N.I.). Calquera troco, deberá ser comunicado por escrito, dirixido ao Servizo Municipal de Deportes, segundo a presente normativa.

Nome, Apelidos, D.N.I. e teléfono de contacto da persoa responsable do grupo, así como o seu cargo dentro do organigrama da entidade solicitante.

Copia compulsada do seguro de responsabilidade civil con que conte o club, asociación ou entidade para o desenvolvemento da súa actividade, ou documento xustificativo equivalente (ficha federativa).

2. O Servizo Municipal de Deportes terá en conta, entre outros, os seguintes aspectos para adxudicar o número de horas semanais de utilización:

a) As posibilidades de utilización doutras instalacións segundo a disciplina deportiva, como poderían ser as polideportivas exteriores cubertas.

b) O nivel ou categoría federativa, así como a esixencia segundo as modalidades deportivas.

c) O número de usuarios en cada hora solicitada, valorando segundo este aspecto a posibilidade de compartir instalación.

d) Un reparto das horas o máis equitativo posible en función do número de solicitudes e da necesidade real de utilización, intentando, sempre que sexa posible, satisfacer as necesidades das entidades.

3. O Concello de Poio, á proposta da Concellería delegada de Deportes resolverá a adxudicación definitiva das horas de utilización, antes do día 1 de Setembro, data na que entrará en vigor o compromiso con cada entidade, rematando éste o día 30 de Xuño do ano seguinte.

Do mesmo xeito, corresponderalle ao Concello de Poio, resolver calquera conflito ocasionado na concesión de reservas sistemáticas previo informe do/da Concelleiro/a delegado/a de Deportes.

Non obstante, o Concello de Poio resérvase o dereito de deixar sen efecto algunha das autorizacións por algúns dos seguintes motivos:

a) Por necesidades de programación municipal.

b) Por incumprimento das obrigas establecidas na presente normativa e nos requisitos de solicitude.

c) Por causa de comportamento pouco cívico ou antideportivo por parte de algún membro da entidade autorizada, sendo este comportamento reiterado e evidente, a xuízo dos responsables municipais.

d) Por baixa asistencia dos membros da entidade, de xeito que reiteradamente, non cumpra cos

mínimos de asistencia obrigatoria na autorización de uso.

4.As autorizacións son unicamente para actividades de adestramento, non incluíndo nelas as competicións oficiais, que non seu caso deberán solicitarse expresamente acompañando o correspondente calendario de competición federativa.

5.Os deportistas da entidade autorizada, poderán entrar nos vestiarios da instalación 15 minutos ante da súa hora de uso, e deberán abandonalos ao máis tardar 20 minutos despois de ter rematada a actividade.

Artigo 3. Calquera club, asociación ou persoa física poderá facer uso das instalacións deportivas, sempre que se solicite, nas horas libres de reserva sistemática e periódica.

As reservas diarias das instalacións deportivas poderán realizarse telefonicamente ou persoalmente na Concellería de Deportes, agás as do Pavillón Municipal do Complexo Deportivo de Miguel Anxo Pazos que se farán na mesma instalación, abonando as tarifas previstas con anterioridade á súa utilización.

Ningún solicitante (club, asociación ou persoa física) poderá ter en vigor máis dunha solicitude para uso simultáneo das instalacións deportivas.

CAPÍTULO II. HORARIOS

Artigo 4. Pavillón Municipal da Seca, Ximnasio e Pavillón de Lourido. O horario do Pavillón Municipal da Seca, do Ximnasio, e do Pavillón Municipal de Lourido será de luns a venres de 16:00 h. A 24:00 h.. Excepcionalmente poderase usar pola mañá no caso de que a actividade a desenvolver así o requira.

Os sábados e domingos poderán usarse, previa solicitude, pola mañá de 10:00 h. a 13:00 h. e pola tarde de 17:00 h. a 21:00 h.

1.Campos de fútbol. O horario de utilización dos campos de fútbol será de luns a venres de 16:00 h. a 24:00 h.

Os sábados e domingos o horario será pola mañá de 10:00 h. a 14:00 h. e pola tarde de 16:00 h. a 21:00 h.

Os horarios serán elaborados e aprobados polo Servicio Municipal de Deportes do Concello e estarán expostos ao público nas mesmas instalacións.

2.Durante os fins de semana os horarios poderán variar en función das solicitudes realizadas polos clubs, entidades e as actividades municipais programadas, priorizando sempre as actividades deportivas autorizadas polo servicio de deportes. En todo caso, o horario de apertura non será anterior ás 09:00 horas, e o de peche non superará as 24:00 horas, agás casos excepcionais a decisión do Concello de Poio.

3.Correspóndelle ao Servicio Municipal de Deportes:

- a)Dirixir e coordinar a utilización das instalacións.
- b)Tramitar e informar sobre as solicitudes de utilización.
- c)Inspeccionar as actividades.

CAPÍTULO III. NORMAS PARA OS USUARIOS

Artigo 5. O club, asociación ou persoa física que faga uso das instalacións deportivas, responsabilizarase da actitude e comportamento dos seus participantes, ao igual que dos danos ou desperfectos ocasionados pola mala utilización das mesmas.

Os usuarios manterán as instalacións limpas, facendo uso das papeleiras, respectando e coidando o material e mobiliario das instalacións.

1.O Concello non se responsabiliza dos accidentes que poidan ocasionarse durante a práctica deportiva así como de aqueles derivados da utilización das instalacións.

2.A petición do conserxe da instalación ou responsables municipais, os usuarios deberán identificarse como membros do grupo ao que corresponde a hora de utilización, amosando para elo o D.N.I.

3.A práctica deportiva deberá finalizar como máximo na hora de remate que se comunique aos usuarios, axustándose estritamente ao concertado no aluguer.

4.É obrigatorio o uso de calzado deportivo para acceder ás pistas de xogo, que polas características do seu chan, así o recomende o Servicio Municipal de Deportes.

No caso do Pavillón Municipal da Seca, queda prohibido xogar con calzado de sola negra.

5.Os usuarios respectarán os horarios tanto de entrada coma de saída dos terreos de xogo, atendendo ás indicacións dos empregados. Calquera exceso de tempo computarase coma unha hora de uso.

6.Cando calquera usuario se percate dunha anomalía ou desperfecto no material, ten que notificalo aos encargados das instalacións.

7.Os corredores das instalacións deportivas non poderán usarse para quentamento.

8. Non esta permitido fumar nas instalacións deportivas e non se poderá acceder con botes e recipientes de vidro ós espazos deportivos.

9.O responsable do club ou asociación deberá solicitar ao encargado da instalación, cunha antelación duns 15 minutos, as chaves dos vestiarios, devolvéndoo 15 minutos despois de rematado o tempo de uso da instalación. En caso de perda, aboarase mediante o pago dun novo fecho.

a)Os vestiarios, en atención ao volume de ocupación, poderán utilizarse por outros usuarios ao mesmo tempo, e neles deberán manterse as normas elementais de hixiene e decoro non podendo fumar, comer ou tomar bebidas alcohólicas.

b)Os equipos que adestren no campo da Seca deberán utilizar os vestiarios do campo da Reiboa agás que estes estivesen ocupados ou convenio de colaboración.

Artigo 6. Calquer usuario ten dereito a realizar as reclamacións ou suxerencias que considere necesarias.

Os usuarios deberán en todo momento respectar e cumprir as recomendacións ou instrucións do conserxe ou responsables municipais.

Os usuarios que fagan uso das instalacións teñen que aboar as tarifas correspondentes segundo o establecido. A falta de pagamento cancelará as reservas de horarios que previamente se concederon.

Para a solicitude do uso das instalacións para actividades recreativas ou puntuais que non dispoñan de seguro federativo ou de seguro de responsabilidade civil, os usuarios deberán formalizar o documento administrativo de exención de responsabilidade que se lle facilitará na propia instalación deportiva.

O Delegado de Deportes, sempre que exista motivo xustificado, forza maior ou actividade programada polo Concello, resérvase o dereito de cancelar ou modificar as horas concedidas previamente, avisando cunha antelación de 72 horas.

No caso de xurdir, por parte do usuario ou entidade, causas xustificadas que impidan utilizar a instalación, estarán na obriga de avisar por escrito da non utilización da mesma no horario correspondente, e cunha antelación mínima de 24 horas.

Darán lugar á cancelación das actividades reservadas previa formación de expediente contradictorio:

A falta inxustificada de dous días ao mes.

O comportamento negligente ou non acorde coa práctica e uso das instalacións deportivas acreditado mediante denuncia presentada polos usuarios ou polo persoal encargado da vixilancia das mesmas.

Durante o transcurso dunha competición, así como antes ou despois da mesma, o club ou asociación usuaria da instalación é responsable dos posibles deterioros que tanto xogadores coma seguidores ocasionen na

mesma. Da mesma forma responderá calquera usuario polos danos que en persoas ou bens podan causarse polo mal uso das instalacións.

Poderase esixir un depósito ou fianza para responder dos posibles danos ou desperfectos, a cal se devolverá unha vez comprobado que estes non se produciron.

CAPÍTULO IV. OUTRAS ACTIVIDADES

Artigo 7. Nos pavillóns polideportivos cubertos, poderanse realizar todo tipo de actividades físico-deportivas sempre que a súa práctica non provoque, a xuízo do servizo municipal de deportes, un deterioro evidente do pavimento ou demais elementos da instalación.

Recoñécese a posibilidade da instalación de soportes publicitarios nas súas distintas modalidades previa autorización municipal.

Este Regulamento entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo de 15 días, presentes no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O que se fai público para xeral coñecemento, facéndose constar que contra este Regulamento pode interpoñerse directamente Recursos Contencioso-Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a publicación, de conformidade co disposto no artigo 10.1b) e 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativo”.

Segundo.- Someter o expediente a información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime xurídico das entidades locais. De conformidade co establecido no art. 49.c) da lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, de non presentarse reclamación ou suxerencia ningunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata tal momento provisional.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes.

3652.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 5/2012, SUPLEMENTO DE CRÉDITO, FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓNS.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra e ningunha abstención de conformidade co disposto no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídicos das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta pola Secretaria do expediente de modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións derivados da existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para o que non existe crédito suficiente no vixente, orzamento prorrogado no exercicio 2011 por importe de 200.542,90€, có que se habilitará por tanto o crédito necesario para dar cobertura a gastos realizados procedentes do exercicio anterior sen consignación presupostaria e se incrementará o crédito das partidas adicadas a gastos de combustible ou de operacións financeiras polo incremento nas cotas por intereses e amortización.

No expediente consta providencia da alcaldía e informe de intervención municipal de data 27 de febreiro de 2012, memoria da alcaldía de 27 de febreiro de 2012.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do Partido Popular e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola Intervención Municipal no seu informe de data 27 de febreiro.

Segundo: Aprobar a modificación orzamentaria número 05/2012, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na memoria de alcaldía por importe de 200.542,90 €.

Terceiro: Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas obxecto do presente expediente, por

importe total de 97.942,40 euros

Cuarto: Que se someta o expediente ao trámite de información pública de conformidade co establecido na lexislación aplicable, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e se durante o devandito prazo non se presenta reclamación ou alegación ningunha entenderase definitivamente aprobada.

3653.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 6/2012, CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓNS.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra e ningunha abstención de conformidade co disposto no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídicos das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta pola Secretaria do expediente de modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións derivados da existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para o que non existe crédito suficiente no vixente, orzamento prorrogado no exercicio 2011 por importe de 21.934,08 € procedentes de exercicio 2011 e realizados sen consignación presupostaria.

No expediente consta providencia da alcaldía e informe de intervención municipal de data 28 de febreiro de 2012, memoria da alcaldía de data 28 de febreiro de 2012.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do Partido Popular e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola Intervención Municipal no seu informe de data 28 de febreiro.

Segundo: Aprobar a modificación orzamentaria número 06/2012, mediante crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na memoria de alcaldía por importe de 21.934,08 €.

Terceiro: Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas obxecto do presente expediente, por importe total de 21.934,08 euros

Cuarto: Que se someta o expediente ao trámite de información pública de conformidade co establecido na lexislación aplicable, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e se durante o devandito prazo non se presenta reclamación ou alegación ningunha entenderase definitivamente aprobada.

3654.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE PÉSAME.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, ao abeiro do establecido no artigo 83 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o presidente da sesión dálle a palabra á Concelleira Delegada de Cultura D^a. Silvia Díaz Iglesias a que solicita facer unha declaración institucional de pésame polo falecemento de Leopoldo Nóvoa, Fillo Adoptivo de Poio, deixando constancia da súa inmensa transcendencia no noso municipio, en Galiza e no mundo, sen dúbida pola súa incuestionable calidade artística pero tamén pola grandeza da súa humanidade.

Expresamos o acordo unánime dos tres grupos políticos de manifestar o noso máis sentido pésame polo falecemento de Leopoldo Nóvoa, quen deixa unha pegada indeleble no noso concello, e quen ocupa xa un merecido posto na historia universal.

Sumámonos á dor dos seus achegados pola súa irreparable perda, dando traslado das nosas condolencias á súa familia.

O Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros **acordou:**

Primeiro: Dar traslado á familia de D. Leopoldo Nóvoa García do máis profundo sentir da Corporación polo seu falecemento.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar non presentándose rogo nin pregunta ningunha, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e quince minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.